



Xornalistas Galegas apela á responsabilidade das redes sociais dos medios fronte á normalización da violencia de xénero e a ‘reacción neomachista’

O colectivo difunde un manifesto co gallo do 25 N no que reflexiona sobre como estas plataformas poden alimentar perfís de sesgo machista que inciden directamente na formación de estados de opinión, especialmente entre a mocidade

Santiago, 21 de novembro de 2025. Xornalistas Galegas, asociación de preto dun centenar de mulleres da comunicación a prol dun xornalismo con perspectiva feminista, publica na semana conmemorativa do 25 N - Día contra a violencia machista, un manifesto **link** centrado na importancia das redes sociais dos medios de comunicación. O colectivo apela á responsabilidade dos contidos que recollen estas plataformas para combater a normalización da violencia de xénero e a chamada ‘reacción neomachista’ que trivializa e disfraz de humor a discriminación e o atentado contra os dereitos das mulleres.

O manifesto de Xornalistas Galegas reflexiona sobre cómo os contidos das redes sociais dos medios de comunicación poden empregarse para alimentar perfís nas redes con sesgo machista que inciden directamente na formación de estados de opinión da sociedade, especialmente entre a mocidade. Mostra disto son os datos que recolle do [Informe](#) da Mocidade en España que constata que é un colectivo que emprega internet a diario no 98% dos casos e en máis do 90% relaciónase a través de redes sociais. Ante esta situación, as xornalistas instan a directivas e redaccións dos medios de comunicación a extremar o rigor nas informacións que trasladan por redes sociais, tendo en conta que tal como se recolle no informe [Contar sin legitimar. Violencias machistas en los medios de comunicación](#) “as informacións que os medios xeran sona as que dan o material para que a sociedade poida comentar na súas redes as novas nun ou noutro sentido”.

Novas misoxinias

Xornalistas Galegas advirte tamén neste Día contra as violencias machistas de que na contorna dixital alteráronse o mapa da violencia de xénero e os discursos sobre igualdade. Detectan que, lonxe de desaparecer, o machismo mutou desde o discurso frontal e agresivo de outrora a unha linguaxe próxima, irónica e aparentemente inofensiva que, porén, reforza os piares sociais da discriminación ás mulleres. Isto tradúcese no ámbito comunicativo en violencia simbólica e informacional que banaliza a desigualdade, ridiculiza a denuncia e reforza una narrativa de feminismo esaxerado. Finalmente, alertan de que a suma deste factor coa economía algorítmica pola que os sistemas premian os contidos polémicos, converte a violencia simbólica en negocio.

Ante esta situación que desgasta o consenso social sobre a violencia de xénero, Xornalistas

Galegas reivindicamos a un cambio nas estratexias dos medios de comunicación focalizado neste caso no compromiso deontolóxico nas súas redes sociais, como ferramenta para transformar a desigualdade social e a violencia machista.

Recomendacións

Logo da reflexión e análise sobre a influencia dos contidos das redes sociais o colectivo profesional aporta a través do seu manifesto deste 25 N varias recomendacións para a información en redes sociais, a saber:

- ✓ Non todo vale para o clickbait: non dar cabida nin difusión a informacións e contidos misóxinos sen perspectiva de xénero
- ✓ Contextualizar estas informacións co apoio de voces expertas en violencia machista
- ✓ Non empregar imaxes de mulleres vítimas, e moito menos extraídas das redes sociais
- ✓ Coidar o extracto breve empregado para a difusión informativa nas redes: non debe trasladarse unha idea incompleta ou sesgada
- ✓ Vixiar e moderar os comentarios das persoas usuarias nas redes sociais, sempre velando polo respecto e contra actitudes de odio, ameaza e acoso.

Prégase difusión. Un saúdo.

Xornalistas Galegas

Para máis información:

Email: xornalistasgalegas@gmail.com

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

WEB xornalistasgalegas.org

X [@asxornalistas](#)

BLUESKY: Xornalistas Galegas

INSTAGRAM [@xornalistasgalegas](#)